

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: Representante xeral do Bloque Nacionalista Galego.

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 3 de setembro de 2012, sobre a denuncia da difusión dunha campaña institucional da Xunta de Galicia co lema "paisaxe galega, unha tarefa de todos" en diversos medios de comunicación social (doc. RE 119/2012).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1.- Examinada a denuncia formulada por D. Alberte Souto Souto, representante xeral da entidade política Bloque Nacionalista Galego, referente á difusión dunha campaña institucional da Xunta de Galicia co lema "paisaxe galega, unha tarefa de todos" en diversos medios de comunicación social, a Xunta Electoral de Galicia, acordou dar traslado do escrito da denuncia á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, para que emita informe sobre o seu contido, dentro dun prazo que rematou o luns, día 3 de setembro de 2012, ás 10,30 horas.

Tras a oportuna fundamentación, no suplico solicita que se ordene á Xunta de Galicia a cesar na difusión da campaña "Paisaxe galega, unha tarefa de todos", sen prexuízo da imposición de sancións, especialmente no caso de reiteración na difusión de campañas institucionais no período electoral.


2.- Dentro do prazo concedido, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias formula as súas alegacións a través da presentación do escrito doc. RE núm. 129/2012, nas que en síntese defende a conformidade á lei da campaña por axustarse aos criterios de interese xeral e servizo público.

Remata suplicando o rexeitamento da denuncia formulada solicitando se dea por presentado o escrito e por reproducido o seu íntegro contido, sírvase admitido; ter por evacuado o traslado conferido e, en consecuencia, prover a íntegra desestimación e arquivo da denuncia formulada de adverso; con expresa absolución a Xunta de Galicia de todos cantos pedimentos en aquela se conteñen.

3.- Posteriormente, a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e Institucionais presenta escrito doc. RE núm. 132/2012, do 3 de setembro, no que alega que, para evitar calquera dúbida sobre o proceder desa administración nas evidentes suspicacias que ofrece o escrito de denuncia presentado, interesa se lle teña por renunciada o seu dereito de defensa e se dite resolución de conformidade no suplico do escrito presentado de adverso. Todo elo, prosegue o escrito, ao único interese do Goberno de que ningunha dúbida sobre o seu recto actuar poida resultar da súa permanente actuación, aínda que deba mediar, como concorre neste caso, a renuncia aos seus dereitos, en virtude do que solicita que dea por recibido o actual escrito e por reproducido o seu íntegro contido, teña por non presentado o que no día de hoxe se achegou por esta representación no mesmo



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



expediente e, conseguintemente, sendo expresa vontade desta parte o cesar no mantemento da sinalada campaña institucional, dite resolución nos termos que se ten solicitado de adverso.

Fundamento de dereito

O artigo 50.1 da LOREG –en correlación co artigo 25.3 da Lei autonómica 8/85, de 13 de agosto–, ten sido desenvolvido pola instrución 2/2011, do 24 de marzo, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral.

O apartado 4.b da citada resolución entende como campaña institucional permitida aquelas de carácter informativo que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

A aplicación deste precepto ao caso presente leva a admitir a solicitude do recurrente, con independencia incluso da última petición trasladada a esta Xunta Electoral de Galicia pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Acordo

A Xunta Electoral de Galicia, por unanimidade, acorda:

1.º.- Requerir á Xunta de Galicia para que cese na difusión da campaña “Paisaxe galega, unha tarefa de todos”, recordando a vixencia do artigo 50 da Lei orgánica de réxime electoral xeral e da instrución da Xunta Electoral Central 2/2011, do 24 de marzo.

2.º.- Notificar este acordo ás partes interesadas contra o cal poden formular recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, dentro das vinte e catro horas seguintes ao da súa notificación.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, comunícolle que poden, contra el, interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17,00 horas do próximo día 4 de setembro de 2012.

A Coruña, 3 de setembro de 2012

O presidente

Miguel Ángel Cadornas Sobreira

